



## Concello do Grove

### Anuncio

# COBRANZA EN VOLUNTARIA DOS PADRÓNS DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES E DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2020.

Logo de seren aprobados mediante Resolución da Alcaldía os **padróns municipais do Imposto de bens inmobles de natureza urbana e rústica e do Imposto de actividades económicas correspondentes ao exercicio 2020**, expónse ao público, para os efectos de exame e reclamacións, por un período de 15 días, que comezará a contarse a partir do día seguinte en que este anuncio sexa publicado no *Boletín Oficial da Provincia*.

De conformidade co previsto no artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, regulador das facendas locais, comunícaselles aos/ás contribuíntes afectados/as que o período voluntario de cobranza dos mencionados padróns será do **1 de setembro ao 2 de novembro de 2020**, ambas as dúas datas incluídas (con posibilidade de ulterior modificación en función da evolución das circunstancias), mediante a orde de domiciliación bancaria ou nas oficinas das entidades colaboradoras (na propia oficina bancaria, nos caixeiros automáticos e a través de sede electrónica do Concello-pasarela de pagos), empregando os recibos que se enviarán ao domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. De non recibir ditos documentos de pago, deberán solicitar un duplicado nas dependencias da tesourería-recadación do Concello do Grove. Para os recibos domiciliados o cargos nas contas bancarias efectuarase o día **01 de outubro deste ano**.

O vencemento do prazo en período voluntario sen ter satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento de constrinximento, a percepción do recargo do 5, 10 ou 20% e os demais conceptos esixibles. O dito procedemento executivo no caso do canon da auga levarase a cabo pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do art. 102 da vixente Lei xeral tributaria.

Contra o acto de aprobación do padrón poderá interporse un recurso de reposición ante o alcalde-presidente no prazo dun mes, que comezará a contarse dende o día seguinte ao do remate do período da súa exposición pública, de conformidade co previsto no artigo 14 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O Alcalde Jose Cacabelos Rico. Documento asinado dixitalmente.

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: JZ77JKR2F76L66H67ZMG5EST | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1